

Adaptación DA PROGRAMACION Didáctica. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CPPI Dos Dices

CURSO: 6º Educación Primaria

MATERIAS: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación Plástica, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas e Valores Cívicos e Sociais

DATA:19/5/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1.1. CIENCIAS DA NATUREZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CNB1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
	CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).
CNB2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
	B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados etc.
CNB2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o cuidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
	CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.
	CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
	CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).

1.2. CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CSB1.1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	CSB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
CSB1.2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. CSB1.2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
CSB1.4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar individualmente.	CSB1.4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
CSB1.9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	CSB1.9.1. Avisa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean. CSB1.9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

1.3. EDUCACIÓN ARTÍSTICA , PLÁSTICA E VISUAL.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
EPB1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.
EPB2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	<p>EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.</p> <p>EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.</p> <p>EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.</p> <p>EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).</p>
EPB2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	<p>EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.</p> <p>EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.</p>
EPB2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.

1.4. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CRITERIOS DE APRENDIZAXE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
LCB2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto. LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos.
LCB2.6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.
LCB3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
LCB3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal. LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.
LCB3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.	LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura.
LCB3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.	LCB3.5.1. Pon interese e esforzase por escribir correctamente de forma persoal.
LCB3.7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.	LCB3.7.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora.
LCB3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.
LCB4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións. LCB4.1.2. Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subjuntivo de todos os verbos.
LCB4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas. LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. LCB4.2.5. Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.
LCB4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión escrita. LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación. LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
LCB4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe.

1.5. LINGUA GALEGA E LITERATURA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
LGB2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.	LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.
LGB2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto	LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto. LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
LGB2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
LGB2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.11.1. Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese. LGB2.11.2. Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
LGB3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guiños ou mapas conceptuais LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados. LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto. LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso. LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.
LGB3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas,.... LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.
LGB3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía. LGB3.5.3. Utiliza, habitualmente, correctores de textos. LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.
LGB4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición conxunción, interxección LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos. LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo. LGB4.1.5. Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito, así como os complementos do nome.
LGB4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
LGB4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados. LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións. LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.

1.6. MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MTB2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MTB2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.
	MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
	MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal.
MTB2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
	MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
MTB2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.
	MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
	MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.
MTB2.7. Iniciar no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.
	MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.
	MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.
	MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.
	MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa.
MTB2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
	MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.
	MTB2.8.3. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.
	MTB2.8.4. Calcula o mcm e o mcd.
	MTB2.8.5. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
	MTB2.8.6. Calcula tantos por cen en situacións reais.
MTB2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas, valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
	MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

1.7. VALORES SOCIAIS E CIVICOS

CRITERIOS DE APRENDIZAXE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VSCB3.8. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.	VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...
	VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade
	VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.
VSCB3.12. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de autonomía e da Constitución española	VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución español
	VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados
	VSCB3.12.3. Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: - Observación sistemática con rexistro de incidencias. - Análise de producións.
	Instrumentos: - Lista de control e diferentes rexistros dos traballos entregados.
Cualificación final	A cualificación final de curso obterase tomando como referencia os resultados do 1º e 2º trimestre e atendendo aos criterios de cualificación propostos na programación didáctica. Esta nota poderá verse incrementada coa valoración das tarefas de reforzo e ampliación, de ser o caso, realizadas no período de clases non presenciais.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades realizadas no 3º trimestre foron principalmente enfocadas á recuperación, repaso e reforzo do traballado durante os dous primeiros trimestres. Foron, na súa maioría, actividades interactivas, cunha parte lúdica moi importante. Traballamos tamén moito o emprego de ferramentas dixitais que no noso caso nos aporta o sistema Edixgal, elaborando presentacións, documentos de texto, esquemas...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	No noso caso a conectividade foi do 100% do alumnado, que ademais veuse moi favorecida polo emprego dos equipos Edixgal que xa viñan empregando os alumnos e alumnas nos últimos dous cursos. Continuamos con metodoloxías activas e contextualizadas, introducindo estratexias interactivas, proxectos realizados co uso das novas tecnoloxías, empregando os recursos da aula Edixgal.
Materiais e recursos	Os materiais e recursos empregados foron fundamentalmente os que nos aportan os equipos Edixgal e as videochamadas coa aplicación Webex que realizamos co alumnado e coas familias.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informaremos ao alumnado e ás familias a través do AbalarMóbil, do teléfono, do correo electrónico, da plataforma Edixgal ou da ferramenta Webex para as videochamadas.
Publicidade	Publicación na páxina web do CPPI Dos Dices